

PROVIDENCIA DE INICO E MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE.

Mediante resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao abeiro do disposto na Orde do 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro), concedéuselle ao Concello unha subvención por importe de: 30.000,00 € para o proxecto denominado: Adquisición de vehículo híbrido enchufable cero emisións, dentro da liña en concorrencia competitiva (artigo 3.1.b) segundo memoria presentada xunto coa solicitude da subvención.

Preténdese dotar ao Concello de Brión dun novo vehículo híbrido enchufable, con distintivo ambiental cero emisións, para facilitar as saídas necesarias nas labores de obras, inspeccións, asistencia social, notificacións... en todo o termo municipal.

Este concello, aínda que conta cun núcleo de poboación urbano, é predominantemente un concello rural, con pequenos núcleos de poboación moi dispersos, polo é preciso ter un vehículo para desprazarse ata eles.

O vehículo que posúe o Concello é un turismo Citroen c3 hdi70 magic, matrícula 2088CSB, que, segundo a documentación, data do ano 2.004 e ten máis de 300.000 km.

Debido a súa antigüidade sofre constantes avarías, o que implica costes continuos e, debido ao seu carburante, gasoil, ten un nivel de emisións alto.

Recentemente o Concello instalou dous puntos de recarga de vehículos eléctricos, marca circuntor modelo urban master ccs2 (unha toma, con conector CCS Combo 2, 920Vc.c., 70 A, 25 kW), que permiten un modo de carga de tipo 4.

Un dos puntos de recarga, sito na zona da Carballeira de Sta. Minia (próximo ao Concello e na que pretendemos cargar o vehículo) aliméntase, indirectamente, dunha instalación solar fotovoltaica de 20 módulos fotovoltaicos de 4600W, cada un, que proporciona unha potencia pico total de 9,2 kW.

O Concello está así apostando polo uso de enerxías renovables e pola limitación das emisións.

O vehículo híbrido enchufable con distintivo ambiental cero emisións, permitiría ao Concello prestar un servizo eficiente, de calidade para os veciños e respectuoso no que se refire á protección do medio ambiente.

Dadas as características e o valor estimado do subministro segundo o art. 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) que se corresponde co prezo de contrata menos o IVE, que se considera que se axusta ao prezo habitual no mercado, considérase como procedemento máis axeitado para a súa adxudicación o procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación, de apreciación automática e mediante xuízo de valor, consonte co disposto no artigo 159.1.b) da LCSP.

Á vista das competencias que me confire a Disposición Adicional segunda da LCSP, dispoño:

1º) Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de subministro de un vehículo híbrido enchufable cero emisións, e realizar a contratación do subministro cun orzamento de:

40.000,00 euros, IVE incluído, por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación, de apreciación automática e mediante xuízo de valor, consonte co disposto no artigo 159.1.b) da LCSP, mediante anuncio no perfil de contratante do Concello.

2º) Que se incorporen ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

3º) Que emita informe secretaría sobre o procedemento a seguir e sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares unha vez incorporados ao expediente.

4º) Que pola intervención municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

5º) Realizados estes trámites déase conta a esta alcaldía para a continuación do procedemento.